



ENSAMBLE CONSERVATORIO DE CULLEREDO

Venres 4 ás 20:30 h


O alumnado da asignatura de Jazz do Grao Profesional do Conservatorio municipal, impartida polo mestre **Iván Doval**, abre o Burgojazz interpretando estándares clásicos do jazz como *Blue Monk* (T. Monk), *All of me* (Simons/Marks), *After you've gone* (Creamer/Layton) ou *Beautiful love* (V. Young).



LATIENDO AMÉRICA

Venres 4 ás 21:00 h

Dúo formado polo violinista **Pedro Montilla** e o guitarrista **Mauricio Caruso** que se coñecen en Galicia no 2023 e rapidamente comezan a traballar xuntos nun proxecto que celebra os ritmos do continente latinoamericano desde unha perspectiva viva, contemporánea e profundamente respectuosa coas súas propias raíces, cativando ao público cunha visión musical vibrante.



PAUL ÁLVAREZ DÚO

Sábado 5 ás 20:30 h

Paul Álvarez e **Iago Mourinho** únense nun dúo que busca ofrecer unha visión única e renovada do flamenco contemporáneo nunha actuación chea de emoción, delicadeza e potencia na que se combina a profundidade e o virtuosismo da guitarra flamenca cos matices harmónicos e expresivos do piano. Dous músicos cun férreo compromiso coa autenticidade e a innovación.



VALENTÍN CAAMAÑO QUARTET

Sábado 5 ás 21:50 h

Valentín Caamaño presenta en formato cuarteto o seu último traballo *All the Gods* (Tiny Moon Records, 22), un álbum que semella evocar a todos os deuses do jazz nunha homenaxe continua, chea de acenos e influencias, pero radicalmente orixinal e nova. Un son redondo e cálido que lembra ao mellor West Coast Jazz, un cool sen concesións.

TON RISCO QUINTETO

Domingo 6 ás 20:30 h

O disco **Sete** (Mingus Records, 23) nace como homenaxe ao son do quinteto que tiña **Dave Holland** a finais dos anos 90, cunha instrumentación idéntica pero unha dirección menos contemporánea. Unha colección de 9 temas orixinais do propio **Ton Risco** nos que impera un marcado carácter rítmico, sobre o que se constrúe unha arquitectura de harmonías sinxelas e recoñecibles.



COLECTIVO ZAFRA

Domingo 6 ás 21:50 h

O **Colectivo Zafra** presenta o seu primeiro traballo de estudio, **Tiempo al tiempo** (Tiny Moon Records, 24) con temas orixinais de **Charly Drop** marcados pola influencia das novas tendencias urbanas e os ritmos latinos e europeos que incorporan e desenvolven de xeito orgánico nun estilo desbordante, creativo, orixinal e propio.



JOSEMI CARMONA

MI VIDA, MI MÚSICA

Luns 7 ás 21:00 h

Figura clave na música española, no flamenco e na guitarra, herdeiro dun legado artístico de catro xeracións, percorreu o mundo con **Ketama**, pionero do "Novo Flamenco", cos que vendeu milleiros de discos.

Ademais dos seus propios proxectos, como este **Mi vida, mi música** que presenta en Culleredo, mantén colaboracións artísticas con seu pai, o lendario **Pepe Habichuela**, e a cantaora **Soleá Morente**. Está a piques de lanzar a súa más recente producción, o próximo traballo de **Esperanza Fernández**, que o reafirma como un creador e produtor clave no panorama musical español actual.

